

PRIS

O Programa de Desenvolvemento Precomercial de Resultados de Investigación do Sistema Público de Saúde Galego (PRIS) é unha ferramenta deseñada para tender unha ponte entre o coñecemento xerado polos grupos de investigación e a creación de valor económico e asistencial a través de novos produtos e servizos.

O seu funcionamento basease en:

1. **Identificar proxectos** de investigación en saúde que se están a desenvolver en Galicia e que xa teñen resultados con potencial comercial.
2. **Realizar unha análise por expertos** externos que permita identificar os puntos fortes e febles de cada proxecto, enfocado ao seu potencial desenvolvemento comercial.
3. **Seleccionar os máis interesantes e elaborar un plan de desenvolvemento** estratéxico detallado sobre eles.
4. **Financiar o codesenvolvemento dese plan**, en colaboración con empresas, priorizando a fórmula da compra pública innovadora.

A compra pública permite que a administración invista en proxectos de investigación cuxos resultados teñen potencial para **mellorar os seus propios servizos de saúde** no futuro.

PRIS 1. O PRIS xa completou a súa primeira edición cun resultado de **9 proxectos** que completaron o seu desenvolvemento tras superar todas as fases:



O proceso concluirá cun **mínimo de cinco tecnoloxías sanitarias galegas no mercado e na carteira de servizos asistenciais**. Nesta fase enmárcanse unha nova técnica que acurta os tempos de diagnóstico de nenos afectados por enfermidades infecciosas, mecanismos innovadores para o tratamento de cancro de ovario ou tratamentos novos para mozos afectados por problemas cognitivos e psicosociais, entre outros.

PRIS 2. A segunda edición do PRIS atópase en desenvolvemento, co obxectivo de acelerar **novos proxectos** con potencial para se converter en produtos e servizos innovadores capaces de:

- **Mellorar o sistema galego de saúde** a través da súa implantación na carteira asistencial do Sergas.
- **Xerar retornos económicos** no mercado a través da súa comercialización.

DOCUMENTOS RELACIONADOS

Preguntas frecuentes (FAQS)

Máis información sobre o PRIS-1

Máis información sobre o PRIS-2

Máis información sobre o PRIS-3

Se es un/ha investigador/a ou unha empresa interesada no PRIS pódeste
informar no [servizo de apoio á transferencia de coñecemento](#) de ACIS.